REUNIÓN TÉCNICA

XXXI TRIATLÓN CONCELLO DE OLEIROS

29 MAIO 2021

Concello de Oleiros

OLEIROS DEPORTE

XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO

FEGATRI

FEDERACIÓN GALEGA DE TRÍATLON E PENTATLON MODERNO

NORMATIVA DE APLICACIÓN

O/ A Deportista é responsable de respectar as normativas vixentes de prevención e contención da propagación da COVID 19 e o protocolo específico da Federación Galega de Tríatlon certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

O/a Deportista debe entregar para acceder ao evento a súa declaración responsable de cumprimento do mesmo.

- Declaración Responsabilidade Individual adultos - Competicións COVID

Segundo recolle o protocolo preventivo FISICOVID-DXT de aplicación á proba, é de obrigado cumprimento para todas as involucradas no evento, o seguinte:

- **Manter a distancia interpersoal de 1.5** m en todo momento, antes, durante e despois da práctica deportiva e evitar o contacto físico.
- **Uso de máscara en todo momento,** coa única excepción do momento da práctica deportiva.
- **Evitar lugares concorridos, aglomeracións de persoas** ou saúdo con contacto físico.
- **Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19,** febre ou contacto estreito recente con positivos.
- **Manter a frecuente hixiene de mans e materiais que non se compartirán**

En caso de detección, ou auto detección, de sospeita de COVID -19 no entorno da proba, seguiranse as directrices establecidas no punto 4.3 do protocolo FEGATRI.

Infórmase aos deportistas de máis de 60 anos de que existe un maior risco de consecuencias graves en caso de contaxio e recoméndase unha maior toma de medidas preventivas pola súa parte.

LOCALIZACIÓN E SERVIZOS



- Parque da Lagoa de Mera - Oleiros
- Localización: 43°22'37.4"N 8°20'11.4"W

PRESENTACIÓNS E CIRCUÍTOS

- **Persoas clave:**

  Director de Carreira: Adolfo Monteagudo

  Delegado Técnico: Alberto Morlán

  Xuíz Árbitro: María Alonso

  Coordinación COVID: Gonzalo Triunfo

- **Xurado de Competición**

  Delegado Técnico: Alberto Morlán

  Federación Galega: Marta Barbeito

  Representante Clubs: Triatlón Arteixo (Javier Mon)

- **Circuítos e Distancias :**

  Natación: 750 metros (1 voltas)

  Bicicleta: 21 km. (4 voltas)

  Carreira: 5500 metros (4 voltas)

HORARIOS

- **14:30** Apertura secretaría da Competición
- **14:30 – 15:45** Control de Material
- **15:45** Fin do Quecemento
- **15:50 h.** Cámara de chamadas
- **16:00 h.** **Primeira Saída - (dous deportistas cada 5")**
- **18:00 h.** Fin da Proba
- **18:00 h.** Entrega de Premios

As/os deportistas deberán estar na cámara de chamadas, diante da súa bicicleta, 10 minutos antes da súa saída

APARCADOIROS

Aparcadoiro con horario libre

Aparcadoiro con horario limitado o remate do sector ciclista

ACCESO A ZONA RESTRINXIDA

- **Só poden acceder a zona restrinxida as persoas acreditadas:**
  - Deportistas inscritos/as
  - Adestradores/as inscritos/as
  - Organización
  - Oficiais
  - Persoal acreditado

  Para poder acceder haberá que presentar a licenza ou DNI ao persoal de seguridade de control.



REXISTRO

- **Os/as deportistas deberán seguir o seguinte protocolo, unha vez que acceden ao control de seguridade onde deben identificarse con DNI ou licenza:**

1 Aceso á zona restrinxida onde se medirá a temperatura por parte de persoal autorizado. Imprescindible levar e entregar formulario de responsabilidade individual cuberto

2 Carpa de rexistro onde lles entregarán -

- Paquete de carreira :dorsais de carreira, chip no caso de non telo en propiedade (*teredes que deixar unha fianza de 20€ e o rematar a proba se o entregades de volta devolverásevos 15€*), 1 bolsa para meter as pertenzas persoais que se deberá numerar coa etiqueta de dorsal e deixar no espazo da transición.

3 Accederase á zona de colocación de dorsais, respectando a distancia interpersoal en todo momento, colocarase todo o necesario para o control de material .

4 Corredor de acceso ao control de material onde un/unha oficial fai a revisión

CONTROL DE MATERIAL

- **Para acceder ao control de Material é imprescindible:**
  - Bicicleta e Material regulamentario para probas con "drafting permitido "
  - Casco con certificación para uso ciclista.
  - O casco debe estar posto sobre a cabeza e abrochado.
  - Dorsal de corpo, Casco, Bicicleta e bolsa/ gardarroupa colocados
  - Gorro de natación
  - Chip.

    ***O dorsal de corpo é obrigatorio nos segmentos de ciclismo (espalda) e carreira a pé (frontal)-*

    Lembrar levar goma ou portadorsal para cambiar dorsal entre sectores

- **Dentro da transición:**
  - Bicicleta colocada á esquerda do número de dorsal. *(2+1 deportistas por barra/respectar espazo)*
  - Casco sobre a bicicleta coas correas despechadas.
  - Só se pode deixar material para competir fóra da bolsa/gardarroupa
  - Calquera marca ou material que non sexa de competición fóra da bolsa/gardarroupa será retirado polos oficiais.
  - A roupa do gardarroupa, ou calquera material que non sexa para competir, deberá estar dentro da bolsa entregada pola organización e esta debera estar situada na zona correspondente a cada deportista

ENTRADA A TRANSICIÓN



QUECEMENTO

Quecemento – os/as deportistas **terán ata as 15:40 para quecer** na praia de Santa Ana dende onde será a saída. Poderase acceder polo corredor específico de acceso dentro da zona restrinxida ao público pero no que se terá que cruzar por un paso peonil con vehículos circulando.

Ás 15.45 non pode haber ningún deportista na praia.

LEMBRA QUE É OBRIGATORIO O USO DA MASCARILLA FÓRA DA AUGA

O INCUMPRIMENTO DESTA NORMA SIGNIFICARÁ A RETIRADA DA ACREDITACIÓN

PROCEDEMENTOS PREVIOS Á SAÍDA

Dez minutos antes do comezo da saída, os deportistas colocaranse no seu posto na transición, diante da súa bicicleta **mantendo sempre a distancia de seguridade e a máscara colocada.** Un/unha oficial irá indicándolles cando deben avanzar ao corredor previo á liña de pre-saída, onde respectarán as distancias e manterán a máscara.

Unha vez na liña de pre-saída, o/a deportista poderá quitar a máscara e **desbotala no contedor** habilitado nese punto a tal efecto. Mantendo a distancia de 2 m. co resto de deportistas.

Saída escalada.- **2 deportistas saíndo cada 5",** cunha separación lateral de 2 metros entre deportistas que deben manter en toda a competición. Entre cada grupo de 25 deportistas, haberá unha separación de 5 minutos para comezar coas seguinte saída (Ver listaxe de saída con horas)

PROCEDEMENTOS DA SAÍDA

Se un/unha deportista non está na cámara de chamada na hora que lle corresponde, quedará a xuízo do DT/XA ou oficial en quen deleguen permitirlle ou non tomar despois a saída, como moi pronto na última tanda, e asignándolle en calquera caso o tempo de saída que inicialmente lle correspondía.

NORMATIVA COVID NATACIÓN

No sector de natación está prohibido ir "a pés" (detrás doutro/a nadador/a), mantendo distancia mínima interpersoal de 1,5 m.

Incumprir , en calquera momento, a norma de manter a distancia de seguridade levará consigo unha penalización de advertencia e corrección á primeira infracción e descualificación á segunda.

Os oficiais levarán máscara e pantalla. O patrón levará máscara.

Manterase a distancia interpersoal de 1,5 m

PERCORRIDOS - 1º SECTOR - NATACIÓN

750 m. – 1 volta

TRANSICIÓN 1

NORMATIVA COVID CICLISMO

O sector de ciclismo será en formato "prohibido drafting/ir a roda". A distancia de separación entre bicicletas, será a establecida de acordo ao regulamento oficial de competición de 1om lineais por 3 metros laterais para realizar adiantamentos.

-A penalización por incumprir , en calquera momento, a norma da distancia de separación neste sector levará consigo unha penalización de advertencia e corrección á primeira infracción e descualificación á segunda.

-A bicicleta a utilizar, será a de competicións onde ir a roda permitido (Bicicleta con *manillar* de curva tradicional e sen ningún tipo de acople e rodas de 12 radios mínimo)

Os oficiais de control e os motoristas levarán máscara ao igual que todo o persoal de staff e voluntarios.

PERCORRIDOS - 2º SECTOR - BICICLETA

21km. - 4 voltas de 5,25 km



TRANSICIÓN 2

NORMATIVA COVID CARREIRA A PÉ

Está prohibido correr xuntos, é obrigatorio deixar unha separación de 4 metros en todo momento, no caso de que non se poida gardar exactamente a distancia correrase en ángulo de 45º mentres se adianta.

-Incumprir , en calquera momento, a norma de manter a distancia de seguridade levará consigo unha penalización de advertencia e corrección á primeira infracción e descualificación á segunda.

-Os oficiais de control recibirán bicicletas desinfectadas, levarán o seu propio casco e manterán a distancia interpersoal de 1,5 m. en todo momento cos deportistas.

PERCORRIDOS - 3º SECTOR - CARREIRA

5.500 m. - 4 voltas de 1.375 m.



PRECAUCIÓN

- En caso de ver a voluntarios con silbato e bandeira vermella



META E POST-META

Unha vez pasada a liña de Meta deberase continuar co seguinte procedemento:

POS META
MASCARILLA
AVITUALLAMENTO
TRANSICIÓN
RECOLLIDA MATERIAL E SAIDA



CRONOMETRAXE E CLASIFICACIÓNS

- A Cronometraxe da proba será electrónica. Realizarase con chip que se entregará no rexistro e terá que ser devolto unha vez conclúa a proba
- Unha clasificación provisional será publicada no taboleiro de anuncios, para garantir os dereitos de reclamación apelación dos/as deportistas. **(Importante cumprir ca distancia de seguridade a hora de acceder o taboleiro)**

https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/05/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf

As clasificacións oficiais publicaranse na web www.fegatri.org

PREMIOS

A entrega de premios farase as 18:00.

Medalla/trofeo para os tres primeiros clasificados/ as de cada categoría.

Absoluta (Xeral)
Xuvenil (2004-2005)
Junior (2002-2003)
Sub-23 (1998-2001)
Veterán 1 (1972-81)
Veterán 2 (1971-1962)
Veterán 3 (1961 e anteriores)

As entregas de premios faranse inmediatamente rematada cada proba, no horario marcado e co protocolo establecido

***(Normativa Covid- O/a Deportista ou club que non poida estar na entrega de premios deberá informar ao X uíz Árbitro ao remate da proba ou seralle de aplicación o Art. 8.6 do Regulamento de competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono*

PERCORRIDOS VIRTUAIS

Podedes ver os recorridos cos fluxos e os puntos de interese no seguinte mapa interactivo:

https://racemapp.com/recorrido/237-triatlon-concello-de-oleiros-provisional

PREVISIÓN

METEOROLÓXICA

	Temp.	Tempo
SÁBADO	13 º-19º	

¡¡ BOA SORTE !!

XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO

FEGATRIB

FEDERACIÓN GALEGA DE TRÍATLON E PENTATLON MODERNO

NON

Fronte á violencia de xénero
só cabe unha resposta.
Sen ningún xénero de dúbida.